


## ROTEIRO ÁREA ARQUEOLÓXICA MÁMOAS DE CANDEÁN



CONXUNTO FUNERARIO DE ÉPOCA PREHISTÓRICA  
(V MILENIO-II MILENIO A.C.)



**CANDEÁN**  
ÁREA ETNOARQUEOLÓXICA

A parroquia de Candeán destaca pola importancia do legado arqueolóxico que se agocha nos seus montes, sobre todo no relativo á etapa da prehistoria coñecida como **Megalitismo**, caracterizada polas construcións funerarias realizadas con grandes pedras.

En Candeán atopamos 13 dos 51 enterramentos megalíticos -coñecidos popularmente como **mámoas**- que hai rexistrados por todo o concello de Vigo, o que equivale a un 25% do total. Unha porcentaxe que aínda podería ser maior se temos en conta que 5 delas foron desgraciadamente destruídas na zona da Madroa.



RECREACIÓN DO ENTERRAMENTO DUNHA MÁMOA

### ONDE SE ATOPAN

A súa localización no territorio ten un patrón bastante definido. Ningunha se sitúa en terrees de val, senón nos planaltos e nas zonas de tránsito dos montes, polo que é frecuente atopalas asociadas a sendeiros e camiños tradicionais.

En Candeán sitúanse nunha liña que en dirección suroeste-nordeste ascende desde a Devesa até o Alto de Coto Ferreira, agrupándose en pequenas necrópoles como as de Chan dos Touciños ou Costa Freiría.


### QUE SON

As mámoas estendéronse polo occidente europeo entre o V e o III milenio a.C.. Son tumbas formadas por un montículo de terra ou túmulo de forma hemisférica, que adoita ter no seu interior unha estrutura feita con grandes pedras chamadas **ortostatos**, que conforman a **cámara funeraria**. No exterior, o túmulo, tamén pode contar cun anel de pedra na súa volta e estar recuberto por unha coiraza de pedras.

### CULTURA POPULAR

Como acontece noutros moitos lugares da nosa xeografía, a construción e habitación das mámoas é atribuída ao tempo dos mouros. Un tempo pasado sen data concreta que non hai que confundir co dos "mouros" históricos do pasado islámico.

No caso de Candeán aínda se escoita algunha lenda que asocia estes seres co conxunto das mámoas.



ESTRUTURA CONSTRUTIVA DUNHA MÁMOA, UNHA TUMBA DE ÉPOCA PREHISTÓRICA



ESTENSIÓN DA CULTURA MEGALÍTICA POLA FACHADA ATLÁNTICA DURANTE O V MILENIO ANTES DE CRISTO



GOBIERNO DE ESPAÑA



MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL

